

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **19 de marzo de 2015**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do PP; don Juan Carlos Plaza
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Paz Abaira Sobrado
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Pola Intervención Xeral; dona María Concepción Castro Gil
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 13 de marzo de 2015.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Medio Ambiente

- Para a adquisición de material de limpeza e hixiene, por importe de 790,61 euros, a favor de **NORDYTMA, S.L.U.**

Esta proposta ditaminouse favorablemente.

- De Infraestructuras e Obras

- Para a adquisición de diversos tipos de baldosa de formato especial para restablecemento de beirarrúas por avarías de auga municipal, por importe de 1.789,59 euros, a favor de **EIROS, PREFABRICADOS DE HORMIGÓN.**

Esta proposta ditaminouse favorablemente.

- De Servizos Eléctricos

- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 1.655,21 euros, a favor de **TORGUESA INDUSTRIAL, S.L.**
- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 4.710,59 euros, a favor de **LA ELÉCTRICA e DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.**

Estas propostas diitamináronse favorablemente.

- De Cultura

- Para organización e coordinación de desfile II Encontro moda e artesanía de época romana, taboleiros de xogos romanos e premios concurso latín, por importe de 1.612 euros, a favor de **ENIGMA DE EVENTOS e NOEMÍ LÓPEZ.**
- Para curso de escaparatismo, por importe de 765 euros, a favor de **ENIGMA DE EVENTOS.**
- Para a organización do VIII Edición do Festival Internacional de Arte Urbano Style Fighters 2015, por importe de 3.585 euros, a favor de **CIRCO CONCEPTO ORIXINAL, S.L.**

Estas propostas ditamináronse favorablemente.

- De Desenvolvemento Local

- Para a adquisición de diverso vestiario (casacas, pixamas, pantalóns e zocos, serigrafiado de vestiario, por importe de 876,84 euros, a favor de **PROTECCIÓN LABORAL VILALBA, S.L.**
- Para a docencia de formación teórica da acción formativa de técnico en transporte sanitario (3ª edición) do proxecto Lugo Emprego Activo 2, por importe de 8.400 euros, a favor de **CEFORLUGO, S.L.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Hábitos laborais da acción formativa Operacións básicas de restaurante e bar do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, a favor de **REYES MUIÑA PÉREZ.**

Estas propostas ditamináronse favorablemente.

- De Cultura

- Para visitas guiadas do 28 ó 5 de abril, por importe de 1.306,80 euros, a favor de **ANA MARÍA QUINTAS CRUCEYRA.**
- Para actuación do grupo de gaitas Cantigas e Frores, por importe de 450 euros, a favor de **CANTIGAS E FRORES.**
- Para actuación do dúo musical Bandoneo o día 25 de xuño de 2015, por importe de 450 euros, a favor de **BANDONEON.**
- Para a adquisición de material para estanterías para a Biblioteca Municipal, por importe de 511,53 euros, a favor de **MADERAS BESTEIRO.**
- Para o programa de actividades da segunda edición de Lugo pedra a pedra 2015, por importe de 2.262,70 euros, a favor de **XAVIER BARROS PEREIRA.**

- Para a compra dun saxo novo, por importe de 7.200 euros, a favor de **MUSICAL PONTEVEDRA**.
- Para o desenvolvemento de novas funcionalidades técnicas no portal de entradas lugo.es e adaptación do sistema ao control de acceso con pistolas láser e impresoras térmicas, por importe de 15.996,20 euros, a favor de **INTELIGENCIA VISUAL, S.L.**
- Para deseño, organización e realización de ruta de senderismo: “benvida á primavera”, por importe de 302,50 euros, a favor de **MARTÍÑO CABANA OTERO**.
- Para deseño dun programa de man e impresión de 8.000 trípticos para a difusión das actividades de Lugo Pedra a pedra, por importe de 1.028,50 euros, a favor de **AILELO DESEÑO GRÁFICO S. COOPERATIVA GALEGA**.
- Para a programación de teatro e danza durante o primeiro semestre do 2015, por importe de 6.512,70 euros, a favor de **TEATRO DO ATLÁNTICO, INVERSA TEATRO, TALÍA TEATRO E LOGELA ORG IMANOL GARAIZABAL**.
- Para dar conta do incremento na partida presupostaria 33000.22602 RC:1670/15 en 776,50 euros, tendo en conta o erro cometido na cantidade de prezo mensual que se cuantificou en 236,70 cando en realidade era de 326,70 euros, así como do tempo sendo 6 meses e non 5, na proposta de gastos ditaminada favorablemente o día 16-01-2015.

Estas propostas ditamináronse favorablemente.

- De Deportes

- Para a instalación de paneis solares no Campo Municipal de Fútbol de As Gándaras, por importe de 4.770,06 euros, a favor de **CALEFACCIÓN IGLESIAS, S.L.**
- Para a adquisición dun ordenador portátil para a oficina da Concellería de Deportes, por importe de 1.244,07 euros, a favor de **SILAS BARREIRA MARTÍNEZ**.

Estas propostas ditamináronse favorablemente.

- De Medio Ambiente

- Para o aluguer de maquinaria para o seu uso polos traballadores municipais da brigada de xardíns, por importe de 1.500 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA)**.

Esta proposta ditaminouse favorablemente.

- De Informática

- Para a contratación da implantación dun sistema de votación Online co motivo da posta en marcha da fase II dos orzamentos participativos 2015 deste Concello, por importe de 17.666 euros, a favor de **AGORA VOTING, S.L.**

Esta proposta ditaminouse favorablemente.

- De Contratación

- Para a adquisición de material de oficina, imprenta e papel para as fotocopadoras e impresoras municipais, por importe de 2.420 euros, a favor de **OFFICE DEPOT, GRÁFICAS INTEGRALES COGAMI, S.L. e OFFICE DEPOT, S.L.** respectivamente.
- Para a adquisición de mobiliario para o servizo de contratación co motivo da incorporación do novo xefe de servizo, por importe de 415,03 euros, a favor de **PRELO, S.L.**

Estas propostas ditamináronse favorablemente.

2.- Facturas para ditame

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.